

Proxecto de Decreto/2024, de de, polo que se crea e regula o Rexistro de profesionais sanitarias/os obxectoras/es de conciencia para a realización da prestación de axuda para morrer, e se modifica o Decreto 101/2021, do 8 de xullo, polo que se crea a Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei Orgánica 3/2021, de 24 de marzo, de regulación da eutanasia (LORE), contempla a prestación de axuda para morrer e as garantías que deben observarse na súa aplicación por parte dos servizos de saúde das comunidades autónomas.

A súa disposición derradeira segunda indica que a lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.1ª e 16ª da Constitución Española, que atribúen ao Estado a competencia para a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, e sobre as bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

A LORE contén nos artigos 16 e 17 dous mandatos específicos para o seu desenvolvemento normativo polas comunidades autónomas.

O artigo 16 establece que as/os profesionais sanitarias/os directamente implicadas/os na prestación de axuda para morrer poderán exercer o seu dereito á obxección de conciencia, e que o rexeitamento ou a negativa a realizar a citada prestación por razóns de conciencia é unha decisión individual da/o profesional sanitaria/o directamente implicada/o na súa realización, a cal deberá manifestarse anticipadamente e por escrito.

O mesmo precepto engade que as administracións sanitarias crearán un rexistro de profesionais sanitarias/os obxectores de conciencia a realizar a axuda para morrer, no que se inscribirán as declaracións de obxección de conciencia para a realización desta prestación. O rexistro terá por obxecto facilitar a necesaria información á Administración sanitaria para que esta poida garantir unha adecuada xestión da prestación de axuda para morrer.

Por outra banda, o artigo 17 sinala, no seu apartado primeiro, que en cada unha das comunidades autónomas, así como nas Cidades de Ceuta e Melilla, existirá unha Comisión de Garantía e Avaliación, e no seu apartado segundo que terán a natureza de órgano administrativo e que serán creadas polos respectivos gobernos autonómicos, que determinarán o seu réxime xurídico.

En cumprimento do previsto no dito precepto, ditouse na Comunidade Autónoma de Galicia o Decreto 101/2021, de 8 de xullo, polo que se crea a Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Queda pois, abordar normativamente a creación e regulación do rexistro a que se refire o artigo 16.2 da Lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, co obxecto de completar a regulación normativa autonómica dos aspectos básicos desta última.

Este desenvolvemento realízase mediante este decreto, no que se crea e regula o Rexistro de profesionais sanitarias/os obxectoras/es de conciencia para a realización da prestación de axuda para morrer, seguindo o mandato establecido no artigo 16.2 da LORE.

Por outra banda, inclúese tamén unha modificación puntual do vixente Decreto 101/2021, do 8 de xullo, polo que se crea a Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia, e que afecta ao número de membros xuristas deste órgano, que pasa de tres a cinco.

O motivo desta modificación é dar resposta adecuada ás necesidades derivadas da tramitación e informe das solicitudes de prestación de eutanasia, favorecendo a incorporación de dous novos membros xuristas que contribúan a unha máis equitativa distribución dos casos, respostando á demanda realizada desde a propia Comisión.

O decreto consta de 13 artigos, nos que se regulan o obxecto e finalidade da norma e o seu ámbito de aplicación, e se procede á creación e adscrición do rexistro, á regulación dos seus fins e das funcións dos órganos de adscrición e a regular as particularidades de acceso a el. Asemade, régúlase tamén o procedemento para a inscrición das declaracións de obxección de conciencia no rexistro e as/os profesionais que poderán presentalas, prevéndose tamén a posibilidade de modificación e revogación da declaración. A regulación proxectada complétase coa determinación dos efectos da declaración de obxección de conciencia e coas regras

aplicables en materia de confidencialidade e protección dos datos inscritos.

Completan o texto unha disposición transitoria única, na que se determina o réxime aplicable ás declaracións de obxección de conciencia presentadas con posterioridade á entrada en vigor da Lei orgánica 3/2021, de 24 de marzo, e antes da entrada en vigor do presente decreto; e tres disposicións derradeiras, referidas á modificación do Decreto 101/2021, do 8 de xullo, polo que se crea a Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia, á habilitación normativa e á entrada en vigor do decreto, respectivamente.

Este decreto axústase aos principios que, segundo o artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e o artigo 37. a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, deben rexer o exercicio da potestade regulamentaria por parte da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cumpre os principios de necesidade e eficacia, xa que dá cumprimento a un mandato directo da Lei Orgánica 3/2021, de 24 de marzo, e é o único instrumento posible para garantir a consecución dos fins previstos no rexistro, consistentes en garantir a eficacia do dereito de toda persoa a solicitar e recibir a axuda para morrer e, así mesmo, garantir o exercicio do dereito á obxección de conciencia das/os profesionais sanitarias/os que poidan estar directamente implicadas/os na prestación de axuda para morrer.

O principio de proporcionalidade cúmprese, xa que non existe outra medida menos restritiva de dereitos, ou que imponha menos obrigas, para desenvolver as previsións da Lei orgánica 3/2021, de 24 de marzo, no que atinxe á existencia e regulación do rexistro previsto no seu artigo 16.2. A creación do Rexistro de profesionais sanitarias/os obxectoras/es de conciencia para a realización da prestación de axuda para morrer reforza as garantías de respecto da conciencia das/os profesionais sanitarias/os e facilita á Administración sanitaria a axeitada xestión da dita prestación. Por outra banda, non se imponen neste decreto novas obrigas que as xa contempladas na Lei orgánica 3/2021, de 24 de marzo. Por último, sinalar que o Decreto contén a regulación mínima imprescindible para desenvolver esta norma.

Garante o principio de seguridade xurídica xa que respecta o resto do ordenamento xurídico, en particular, a lexislación básica estatal en materia de sanidade. Ademais, xera un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza para o exercicio dos dereitos de pacientes e de profesionais sanitarios.

En aplicación do principio de eficiencia, e como garantía do dereito á obxección de conciencia das/os profesionais sanitarias/os, o decreto só contempla unha carga administrativa, que é a necesidade de que estes revoguen a declaración de obxección de conciencia á axuda para morrer inscrita no rexistro.

Este decreto non afecta aos gastos ou ingresos públicos xa que o seu funcionamento realizárase con medios propios da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

No que atinxe ás peculiaridades da tramitación normativa, ao igual que sucedera coa tramitación do Decreto 101/2021, de 8 de xullo, polo que se creou a Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia, cómpre indicar que se prescindiu dos trámites de consulta pública previa e de información pública pola propia finalidade que a norma básica estatal lle atribúe como rexistro de profesionais sanitarias/os, para “facilitar a necesaria información á administración sanitaria para que esta poida garantir unha axeitada xestión da prestación de axuda para morrer”, polo que, de conformidade co previsto no artigo 42.6 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e no artigo 133.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, neste caso pode prescindirse dos trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos no mesmo artigo por tratarse dun proxecto organizativo que trata sobre a constitución dun rexistro administrativo dentro da Administración sanitaria, en execución dunha habilitación legal. Todo iso sen prexuízo da súa publicación no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 9.c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O resto dos trámites seguiron as previsións contidas nos artigos 40 a 43 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, e nos artigos 127 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, antes citadas.

Así, constan no expediente os informes favorables de impacto de xénero, impacto demográfico, o informe da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico e o emitido pola Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública, así como o informe emitido polo Instituto Galego de Estatística, e o informe favorable da Asesoría Xurídica.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Sanidade, de acordo co/oído o Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do

DISPÕÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

O presente decreto ten por obxecto a creación e regulación do Rexistro de profesionais sanitarias/os obxectoras/es de conciencia para a realización da prestación de axuda para morrer (en adiante, o rexistro), de acordo co previsto no artigo 16.2 da Lei orgánica 3/2021, de 24 de marzo, de regulación da eutanasia.

Artigo 2. *Finalidade*

O presente decreto pretende garantir o dereito de toda persoa a solicitar e recibir a prestación de axuda para morrer se cumpre os requisitos establecidos na LORE e, así mesmo, o exercicio e a eficacia do dereito á obxección de conciencia das/os profesionais sanitarias/os que poidan estar directamente implicadas/os na realización da prestación de axuda para morrer.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación*

1. O presente decreto será de aplicación ás/aos profesionais sanitarias/os que presten servizos en centros sanitarios públicos ou privados, aos que se refire o artigo 8, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, directamente implicados na prestación de axuda para morrer que, por razóns de conciencia, manifesten o seu rexeitamento ou negativa a atender aquelas demandas de actuación sanitaria reguladas na Lei orgánica 3/2021, de 24 de marzo, que resulten incompatibles coas súas propias conviccións.

2. Terán a consideración de profesionais sanitarias/os directamente implicadas/os na prestación de axuda para morrer, as/os profesionais da medicina, enfermaría, farmacia e calquera outra/o profesional que poida formar parte do equipo asistencial que configure a/o médica/o responsable de cada caso.

Artigo 4. *Creación e adscrición do Rexistro*

1. Créase o Rexistro de profesionais sanitarias/os obxectoras/es de conciencia para a realización da prestación de axuda para morrer, como rexistro electrónico no que se inscribirán as declaracións de obxección de conciencia para a realización da prestación de axuda a morrer, en cumprimento do disposto no artigo 16 da Lei orgánica 3/2021, de 24 de marzo.

2. O rexistro é único para toda a Comunidade Autónoma de Galicia e estará adscrito á Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a través do órgano directivo competente en materia de asistencia sanitaria.

3. O rexistro ten natureza administrativa e o seu acceso non ten carácter público, estando sometido ao principio de confidencialidade e ao respecto da normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 5. *Fins do Rexistro*

O rexistro terá os seguintes fins:

a) Inscribir as declaracións de obxección de conciencia para realizar a prestación de axuda para morrer regulada na Lei orgánica 3/2021, de 24 de marzo.

b) Proporcionar á administración sanitaria e ás/aos responsables dos centros sanitarios nos que se realice a prestación de axuda para morrer a información necesaria para garantir a adecuada xestión da dita prestación sanitaria.

Artigo 6. *Funcións dos diferentes órganos responsables do Rexistro*

1. O órgano de adscrición do rexistro, que será o responsable da súa organización e xestión, levará a cabo as seguintes funcións:

a) Adoptar as medidas precisas que garantan a confidencialidade, seguridade e integridade dos datos nel contidos.

b) Realizar anualmente unha auditoría sobre os accesos ao rexistro e comprobar que estes se axustan ao establecido no artigo 7.

c) Aprobar e modificar os modelos de formularios necesarios para a súa operatividade.

d) Ditar as instrucións necesarias para a súa coordinación e interoperabilidade.

2. Sen prexuízo do anterior, corresponderá ás xerencias das áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde practicar a inscrición, modificación e revogación das declaracións de obxección de conciencia que presenten as/os profesionais que presten os seus servizos na dita área.

No caso de centros privados, a inscrición, modificación e revogación das declaracións de obxección de conciencia efectuarase polo órgano de adscrición do rexistro.

Artigo 7. *Acceso ao Rexistro*

1. Coa finalidade de garantir a correcta organización e a adecuada xestión da prestación da axuda para morrer, só poderán acceder aos datos das/os profesionais inscritas/os no rexistro:

- a) A persoa titular da Xerencia do Servizo Galego de Saúde.
- b) A persoa titular do órgano directivo competente en materia de asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde.
- c) As/os profesionais adscritas/os á Unidade Central Técnica de Xestión da prestación de axuda para morrer do Servizo Galego de Saúde.
- d) As persoas titulares das xerencias e das direccións asistenciais das áreas sanitarias do Sistema Público de Saúde de Galicia, exclusivamente respecto das/dos profesionais do seu respectivo ámbito.

No suposto dos centros sanitarios privados enumerados nos apartados C.1.1 (hospitais xerais), C.1.2 (hospitais especializados), C.1.3 (hospitais de media e longa estancia), C.1.90 (outros centros con internamento), C.2.4 (centros polivalentes), C.2.5 (centros especializados), e C.2.5.4 (centros de cirurxía maior ambulatoria) do Anexo I do Real decreto 1277/2003, de 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, será o órgano de adscrición do rexistro o que comunicará á dirección xerencia de cada centro as declaracións de obxección de conciencia presentadas polas/os súas/seus profesionais, debendo constar nesa comunicación o nome e apelidos da/do profesional, a data de presentación da declaración, a data de inscrición da mesma no rexistro, as variacións ou modificacións constatadas e as revogacións no seu caso presentadas.

2. O acceso efectuarase sempre baixo o principio de confidencialidade e con limitación á información estritamente necesaria para o cumprimento da finalidade indicada no número 1.

3. As persoas titulares dos datos inscritos, previa verificación da súa identidade, poderán obter un certificado da declaración inscrita, que se emitirá a través de medios electrónicos.

4. Todo acceso ao Rexistro xerará unha pegada que deixará constancia das inscricións e consultas realizadas.

Artigo 8. Profesionais obxectoras/es de conciencia

No rexistro inscribírase a declaración de obxección de conciencia á prestación de axuda para morrer, ou a súa revogación, que presenten:

a) As/os profesionais sanitarias/os dependentes do Sistema Público de Saúde de Galicia, que poidan estar directamente implicadas/os na realización da prestación de axuda para morrer. A declaración presentada producirá efectos en todos os centros, tanto públicos como privados, nos que as/os profesionais obxectores presten servizos.

b) As/os profesionais sanitarias/os dependentes de centros sanitarios privados a que se refire o artigo 7.1. que poidan estar directamente implicadas/os na realización da prestación de axuda para morrer.

Artigo 9. Declaración de obxección de conciencia

1. As/os profesionais sanitarias/os que poidan estar directamente implicadas/os na prestación da axuda para morrer, e presten servizos en centros sanitarios públicos ou privados na Comunidade Autónoma de Galicia e que, por razóns de conciencia se acollan ao dereito a non realizar a dita prestación, deberán presentar a correspondente declaración de obxección de conciencia.

2. A declaración de obxección de conciencia presentarase a través de medios electrónicos, de acordo co disposto no artigo 14. 2. c) e e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

3. Para efectuar esta declaración, así como, no seu caso, para a súa posterior modificación ou revogación, utilizaranse os modelos normalizados que estarán dispoñibles na web do Servizo Galego de Saúde (<https://www.sergas.gal/>) e na sede electrónica da Xunta de Galicia, a través do enderezo electrónico:

<https://sede.xunta.gal>

4. As/os profesionais que exerzan a súa actividade profesional no ámbito público presentarán a súa declaración perante á xerencia da área sanitaria do Servizo Galego de Saúde onde desenvolven a súa actividade. No caso de traballadoras/es de centros privados, as declaracións de obxección de conciencia presentaranse perante o órgano de adscrición deste rexistro.

No caso de que a/o profesional exerza a súa actividade tanto no sector público como no privado, deberá remitir unha única declaración á xerencia da área sanitaria correspondente. A declaración presentada producirá efectos en todos os centros, con independencia da súa titularidade.

5. Non será preciso achegar ningunha documentación xunto coa declaración se a/o profesional desenvolve a súa actividade no sector público.

A/o profesional que desenvolva a súa actividade nun centro sanitario privado deberá presentar, xunto coa declaración de obxección, a seguinte documentación:

- a) A titulación académica que posúe.
- b) Certificación emitida polo centro sanitario no que presta os seus servizos, na que conste a categoría profesional que ocupa e o Servizo/Unidade á que figura adscrita/o.

6. As/os profesionais que declaren a súa obxección non poderán participar en ningunha das actuacións do procedemento para a realización da prestación de axuda para morrer; en consecuencia, non poderán actuar neste como médicas/os responsables nin como médicas/os consultoras/es; tampouco poderán pertencer ao equipo asistencial constituído no curso do procedemento, nin se lles permitirá formar parte da Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, a obxección de conciencia non se estende ao resto de actuacións sanitarias, asistenciais, de coidados, administrativas, de información ou de acompañamento.

Artigo 10. *Procedemento para a inscrición no Rexistro*

1. As declaracións presentaranse electronicamente, de acordo co disposto no artigo 14.2.c) e e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, a través do Rexistro Electrónico da Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde, ou en calquera dos demais

registros electrónicos previstos no artigo 16.4.a) do mesmo texto legal.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. Recibida a declaración, o órgano encargado en cada caso de practicar os asentos, consonte o establecido no artigo 6, acordará de oficio a súa inscrición comunicándollo á persoa interesada e informándoa dos datos dispoñibles sobre ela, para que realice, de ser o caso, as correccións que estime oportunas.

Considerarase como data de inscrición, a data de presentación da declaración de obxección de conciencia.

3. Se a declaración non cumprise os requisitos previstos no artigo 9 ou non aparece formulada por unha/un profesional sanitaria/o que poida estar directamente implicada/o na prestación de axuda para morrer, o órgano encargado de realizar a inscrición poderá requirir a súa emenda, se esta fose posible, de conformidade co previsto no artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. En caso de non realizarse, terase á persoa declarante por desistida. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo dun mes desde o día seguinte a aquel no que se notificou a resolución, ante a persoa titular da Consellería de Sanidade.

4. Ao ser as persoas declarantes suxeitos do artigo 14.2.c) e e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración, a notificación da resolución de inscrición realizarase a través de medios electrónicos de acordo co establecido no artigo 43 do mesmo texto legal. A persoa declarante virá obrigada a estar dada de alta no servizo de Notificacións Electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia, accedendo a este a través do enlace correspondente na web institucional.

Artigo 11. Revogación e modificación da declaración

1. A declaración de obxección de conciencia poderá ser revogada en calquera momento mediante declaración expresa por parte da/do profesional obxectora/r inscrita/o no Rexistro.

2. A revogación formularase nos modelos normalizados que estarán dispoñibles na web do Servizo Galego de Saúde (<https://www.sergas.gal/>), e na sede electrónica da Xunta de Galicia, a través do enderezo electrónico: <https://sede.xunta.gal>
3. A revogación dirixirase á Xerencia da área sanitaria na que a/o profesional obxectora/r preste os seus servizos, e presentarse na forma e os lugares previstos no artigo anterior. No caso de tratarse de profesionais de centros privados, dirixirase ao órgano de adscrición do rexistro.
4. Recibida a revogación, o órgano que corresponda, segundo o caso, acordará a cancelación da inscrición nel, con comunicación á persoa interesada, e ao centro sanitario privado, de ser o caso.
5. A través do mesmo procedemento poderase instar a modificación dos datos do contido da declaración de obxección de conciencia, formulándose a solicitude no modelo normalizado, que estará dispoñible nos lugares que se indican no número 2 deste artigo.

Artigo 12. Efectos da declaración

A declaración de obxección de conciencia terá efectos desde a súa presentación, continuando vixente mentres a/o profesional permaneza na situación de servizo activo ou con reserva de praza, tamén nos supostos de cambio de centro sanitario ou posto de traballo no Sistema Público de Saúde de Galicia, ata que se solicite e acorde a súa revogación.

Artigo 13. Confidencialidade e protección de datos

1. O Rexistro rexerase polo principio de estrita confidencialidade.
2. A protección dos datos recabados axustarase ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e á Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.
3. As/os profesionais inscritas/os no Rexistro poderán exercer os seus dereitos en materia de protección de datos a través dos mecanismos habilitados e cos formularios dispoñibles.

4. O órgano de adscrición do rexistro adoptará as medidas necesarias para garantir a confidencialidade da información, así como a súa utilización con fins exclusivamente organizativos, de arquivo, estatísticos ou científicos, de conformidade co previsto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Disposición transitoria única. *Declaracións de obxección de conciencia presentadas con anterioridade*

As declaracións de obxección de conciencia presentadas con posterioridade á entrada en vigor da Lei orgánica 3/2021, de 24 de marzo, de regulación da eutanasia, ao abeiro do *Protocolo sobre o procedemento para a realización da prestación de axuda para morrer*, consideraranse válidas e incorporaranse de oficio ao rexistro de profesionais sanitarias/os obxectoras/es de conciencia para a realización da prestación de axuda para morrer.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Decreto 101/2021, do 8 de xullo, polo que se crea a Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Modifícanse os parágrafos 1 e 2.c) do artigo 6 do Decreto 101/2021, do 8 de xullo, quedando redactados como segue:

"1. A composición da Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia terá carácter multidisciplinar e estará integrada por catorce membros, un dos cales exercerá a presidencia do órgano."

(...)

"2.c) Cinco membros deberán ser xuristas con coñecementos de dereito sanitario ou bioética".

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa*

A persoa titular da consellería competente en materia de sanidade poderá ditar as disposicións e instrucións necesarias para a aplicación e execución do disposto no presente decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, xx de xxxxxx de 2024

O presidente da Xunta de Galicia
Alfonso Rueda Valenzuela

O conselleiro de Sanidade
Antonio Gómez Caamaño